



Área / Unidad EMPLEO PS1000 MPT	Documento 52617I01H2	
Código de verificación  4K0V 5W2B 2647 2C1Y 0XOT	Expediente 526/2023/36	
	Fecha 11-09-2023	

PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DA CORUÑA E A FUNDACIÓN MUJERES PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA ESPECÍFICO DE ITINERARIOS DE INSERCIÓN LABORAL PARA O EMPODERAMENTO DAS MULLERES PARA O EMPREGO NO MUNICIPIO DA CORUÑA DURANTE O ANO 2023.

REUNIDOS

Dunha parte:

Dona Inés Rey García, en nome e representación do Concello da Coruña con CIF-P1503000J, na súa condición de Alcaldesa Presidenta.

E doutra,

Dona María Luisa Soleto Ávila, en calidade de Directora da Fundación Mujeres con CIF G-80974702, en nome e representación desta, con domicilio social na Rúa Ponzano, 7, 4º andar, 28010 Madrid.

As persoas, que actúan en razón dos seus respectivos cargos, recoñécense mutua e reciprocamente a capacidade legal necesaria para a formalización do presente convenio e, en consecuencia,

EXPOÑEN:

I. Que o Concello da Coruña, en virtude do establecido na Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, de 2 de abril, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, nos termos expostos no artigo 25 da citada norma.

Á súa vez, o artigo 27.3 da Lei 7/1985 establece aquelas competencias do Estado o Comunidade Autónoma que se poden delegar nos Concellos (acompañando á delegación a súa correspondente financiación), entre as que non se atopan o fomento e a formación para o emprego, nin o fomento e a consolidación de iniciativas empresariais. Non obstante a Lei 5/2014, da Xunta de Galicia, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013 habilita a continuar aos Concellos con aquelas actividades e servizos que, aínda non sendo da súa competencia orixinaria, viñan prestando ou realizando con anterioridade á entrada en vigor la Lei 27/2013, tal e como acontece co fomento do emprego sobre a que este Concello manifesta interese en seguir exercendo competencias.



II. Que a Fundación Mujeres ven desenvolvendo dentro das súas labores como entidade especializada en igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, proxectos dirixidos a mellorar a situación das mulleres no emprego, apoiando ás mulleres desempregadas na súa capacitación e integración no mercado laboral en condicións de igualdade.

III. Que a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións (de agora en diante lei Xeral de Subvencións), no seu art. 2.1, entende por subvención toda disposición monetaria realizada polas entidades que integran a Administración Local a favor de persoas públicas ou privadas que cumpran os seguintes requisitos: que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios, que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, ou a concorrencia dunha situación, debendo o beneficiario cumprir as obrigas materiais e formais que se estableceran, e que o proxecto, a acción, conduta ou situación financiada teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

IV. Que o Concello da Coruña entende que o desenvolvemento de itinerarios de inserción laboral e de accións de formación dirixidas a motivar, activar e fomentar o acceso ao emprego das mulleres destinatarias é de interese xeral para o conxunto da comunidade, e en consecuencia, o Orzamento municipal en vigor, recolle unha subvención de carácter nominativo a favor da Fundación Mujeres de 25.000,00 €, coa finalidade de realizar o citado programa.

V. Que a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, dispón no seu artigo 22.2 que poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das Entidades locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións, e o artigo 28 establece que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar estas subvencións.

VI. Que podendo iniciarse o procedemento de concesión de oficio ou a petición da entidade interesada, a Fundación Mujeres a requirimento municipal presentou no Rexistro, con data 12/07/2023 a documentación necesaria para a subscrición do convenio na que solicita a cantidade de 25.000,00 € para o desenvolvemento dun proxecto para mellorar o empoderamento e empregabilidade das mulleres para impulsar a súa incorporación, permanencia e promoción no mercado laboral.

Polo exposto, unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos establecidos no art. 5 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Área de Benestar do Concello da Coruña, as dúas partes acordan a sinatura do presente convenio con suxeición ás seguintes

CLAÚSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto mellorar o empoderamento e empregabilidade das mulleres para impulsar a súa incorporación, permanencia e promoción no mercado laboral.

As actividades que teñen cabida neste convenio desenvolveranse entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2023.

O proxecto persegue os seguintes obxectivos específicos:

- ◆ Orientar para a definición dos seus itinerarios de inserción laboral.
- ◆ Adestrar as competencias e habilidades para mellorar a súa empregabilidade.
- ◆ Asesorar e acompañar o desenvolvemento das estratexias de acceso ao emprego e/o autoemprego.

Desenvolver as seguintes actuacións, de acordo aos obxectivos especificados na correspondente memoria:

- Preparación, difusión e coordinación do programa
- Coordinación, colaboración e cooperación coas Administracións públicas ou con outras institucións de diferentes ámbitos
- Empoderamento de mulleres para o emprego, ofrecendo información e asesoramento, accións formativas e acompañamento e seguimento.
- Seguimento e avaliación do proxecto.
- Control de calidade das actividades realizadas.

Con estes obxectivos e actuacións, Fundación Mujeres procederá ao desenvolvemento e execución dos itinerarios personalizados de preparación para a inserción obxecto deste convenio.

Os resultados esperados son os seguintes:

- 60 mulleres orientadas que desexan e seguen un itinerario de inserción.
- 50 mulleres que reciben formación para a mellora da empregabilidade.
- 20 mulleres que reciben formación ocupacional para a mellora da empregabilidade.
- 50 mulleres que reciben acompañamento individual en liña e presencial.

SEGUNDA.- Normativa Reguladora

A normativa reguladora das accións contempladas neste convenio de colaboración está conformada pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu Regulamento de desenvolvemento; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e o seu Regulamento de desenvolvemento; a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e a Ordenanza Xeral de Subvencións da Área de Benestar do Concello da Coruña.

TERCEIRA.- Obrigas do Concello

O Concello comprométese a achegar á Fundación Mujeres, a cantidade de VINTECINCO MIL EUROS (25.000,00 €), con cargo á aplicación 60.241.489.50 do orzamento municipal en vigor.

CUARTA.- Obrigas da entidade beneficiaria

A Fundación Mujeres comprométese ao seguinte:

- Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención, nas condicións que se contemplan na memoria presentada no momento de solicitude do convenio, xunto co balance de actividade (ingresos e gastos) ou orzamento. No caso de que non sexa posible porque non se execute a actividade, proceder á renuncia expresa da mesma.
- Destinar os fondos achegados polo Concello de A Coruña á finalidade contemplada na Memoria presentada, que se desenvolverá no exercicio 2023.
- Presentar a documentación xustificativa da mesma nos termos establecidos nas cláusulas deste Convenio.
- Nos casos que corresponda, a entidade entregará diploma acreditativo das accións formativas realizadas.
- Comunicar por escrito e motivadamente no prazo máximo dun mes, dende a notificación da concesión da subvención na sede electrónica do Concello da Coruña <https://sede.coruna.gob.es> calquera modificación dos datos identificativos do proxecto ou dos aspectos substanciais dos obxectivos do mesmo, para a súa aprobación.
- Comunicarlle ao Concello, por escrito e no prazo máximo dun mes dende que teña coñecemento da súa concesión, a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración Pública, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- Reintegrar os fondos percibidos nos supostos que procedan.
- Solicitar os permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento da actividade.
- Cumprir coas demais obrigacións impostas pola Ordenanza Xeral de Subvencións da Área de Benestar do Concello da Coruña, pola Lei de Subvencións e demais normas de aplicación.
- Deberase cumprir co disposto nos artigos 31 a 34 (uso non sexista da linguaxe e eliminación de estereotipos), e no artigo 42 (subvencións públicas) da Ordenanza

Municipal da Coruña para a Igualdade na Diversidade (BOP núm. 204, de 25 de outubro de 2019).

Todas as actuacións desenvolvidas pola Fundación Mujeres, serán obxecto de seguimento polo persoal técnico do Servizo Municipal de Emprego e Empresa, polo que a Fundación Mujeres se someterá a todas as actuacións de verificación económica e técnica necesarias a realizar polo Concello da Coruña para comprobar o cumprimento da lexislación española e ao mesmo tempo, calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto locais, nacionais e/ou comunitarios, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores. (artigo 14.1.c da Lei Xeral de Subvencións).

Deberase cumprir có disposto nos artigos 31 e 34 (uso non sexista da linguaxe e eliminación de estereotipos), e no artigo 42 (subvencións públicas) da Ordenanza Municipal da Coruña para a Igualdade na Diversidade (BOP núm. 204, de 25 de outubro de 2019).

A Fundación Mujeres comprométese a cumprir coas demais obrigas impostas pola Ordenanza Xeral de Subvencións do Área de Benestar do Concello da Coruña, pola Instrución para a Tramitación de Subvencións como medida de reactivación económica no Concello da Coruña, pola Lei Xeral de Subvencións e polas demais normas de aplicación.

QUINTA.- Financiamento da actividade

A actividade financiarase coa achega municipal establecida na cláusula terceira deste convenio.

En relación co art. 32 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, enténdese que o Orzamento Xeral do Concello estableceu a achega municipal como un importe certo sen referencia a una porcentaxe ou fracción do custo total e que, en consecuencia, queda da conta da entidade beneficiaria a diferenza de financiación necesaria para a total execución da actividade subvencionada.

Se o custo total da actividade é inferior ao importe do financiamento público, procederá o reintegro desta polo importe que pase o custo total da actividade, de conformidade co art. 32.2 do Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

Esta subvención será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, sempre que non se supere o custo da actividade subvencionada, sen prexuízo do que puidera establecer a normativa reguladora das ditas subvencións ou axudas.

De conformidade co disposto no art. 34 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, sendo compatible dita aportación con outras subvencións, en caso de que se produza exceso das subvenciones percibidas de distintas Entidades públicas respecto do custo do proxecto ou actividade, e aquelas foran compatibles entre si, a entidade beneficiaria deberá reintegrar o exceso a favor das Entidades concedentes en proporción as subvencións concedidas por cada unha delas. En caso de que o Concello advirta o exceso de financiamento, esixirá o reintegro polo importe total do exceso ata o límite da subvención outorgada en virtude deste Convenio.

A aportación municipal non poderá superar o déficit resultante do orzamento inicial no que se reflicte a financiación prevista, no momento da concesión, ou o déficit final da actividade, no momento da xustificación.

SEXTA.- Gastos subvencionables

1.- Considéranse gastos subvencionables aqueles que sexan imprescindibles para o desenvolvemento da actividade subvencionada, se realicen durante o exercicio 2023 e estean efectivamente pagados antes da data de finalización do prazo de presentación da xustificación establecido na cláusula DÉCIMA deste convenio. En particular, considéranse gastos subvencionables aqueles que, ademais de recollerse expresamente na solicitude, respondan de xeito indubitado á natureza da actividade subvencionada, tales como:

1.1 Gastos de funcionamento da entidade necesarios para o desenvolvemento da actividade obxecto da subvención:

1.1.1 Gastos de persoal docente, gastos de persoal que desenvolve labores de orientación, tutorización e asesoramento laboral, e gastos de profesionais directamente derivados da impartición da formación profesional ocupacional – engadidos desprazamentos e aloxamentos cos requisitos e condicións legal e regulamentariamente establecidos-, da formación complementaria, así como da realización da práctica profesional tutorizada; adquisición de medios e materiais didácticos e de consumo vinculados á formación, orientación laboral e/ou as prácticas profesionais tutorizadas non laborais en empresa; seguros; gastos de profesionais; alugueres de equipos, maquinarias e inmoables vinculados directamente á formación e as súas prácticas, etc.

Cando estes correspóndanse con custos de persoal ou outros de carácter estrutural da entidade deberá xustificarse dentro da actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda, de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente aceptados e, en todo caso, na medida en que tales custos correspondan ao período en que efectivamente realízase a actividade, debendo gardarse a debida coherencia co período e intensidade dos factores de produción estritamente necesarios para o exercicio da actividade subvencionada. Consideraranse coma gastos directos nos seguintes supostos:

1.1.2 Cando se contrate unha persoa de xeito específico para a coordinación técnica do programa que é obxecto de subvención, na medida en que os custos de coordinación se refiran de maneira indubitada á actividade que en concreto se subvenciona, e se realicen no prazo establecido polo presente convenio. En ningún caso o custo da coordinación técnica poderá ser superior ao valor de mercado.

Cando os gastos de coordinación técnica en que se incorran se correspondan con nóminas do persoal da entidade beneficiaria que exerce outras función na entidade, serán considerados gastos directos na medida en que se acredite fehacientemente que a porcentaxe de nómina que se imputa responde



efectivamente a labores de coordinación técnica do convenio que especificamente se financia. Esta acreditación realízase a través dunha descrición específica de todas as tarefas que esa persoa realizou en actividades de coordinación técnica do proxecto concreto que se subvencione, cuantificando as horas que supuxo cada unha desas tarefas, para así motivar suficientemente a porcentaxe da nómina que se impute. Sendo este, por tanto, o número de horas que destinou a labores de coordinación técnica en relación coa súa xornada laboral, e que en ningún caso poderá superar o 25%.

No suposto dunha imputación a tanto alzado dunha porcentaxe da nómina sen desagregar especificamente as horas destinadas por mes a coordinación técnica será tratada coma gastos indirectos cos límites previstos para os mesmos no convenio.

1.2 Outros gastos correntes directamente relacionados e necesarios para o desenvolvemento da actividade ou proxecto obxecto de subvención: publicidade, cartelería, dípticos; abastecementos e/ou outros servizos profesionais (son, imaxe), etc.

2.- Non serán subvencionables os gastos de inversión nin os de natureza inventariable, os financeiros xerados por avais, anticipos bancarios ou análogos, nin os realizados fora dos prazos de execución do convenio ou pagados fora do prazo de xustificación. Os gastos de desprazamento pagados a traballadores por conta propia ou particulares alleos á entidade pagadora só serán subvencionables cando se xustifiquen coa correspondente factura.

3.- Poderán imputarse á conta xustificativa gastos xerais da entidade que teñan vinculación coa actividade subvencionada, ata un 20% do orzamento inicial da actividade, ou do gasto executado se es menor, acreditando os mesmos cos correspondentes xustificantes de gastos e a acreditación do pago efectivo dos mesmos. A imputación da actividade subvencionada terá que levarse a cabo na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida en que tales custos correspondan ao período en que efectivamente se realiza a actividade.

Non obstante, a entidade poderá optar por imputar como gastos xerais un 10% do importe do gasto executado sen necesidade de presentar ningún xustificante. Neste caso non se poderán imputar na conta xustificativa ningún outro gasto de carácter xeral salvo que se acredite de forma fidedigna nos xustificantes de gastos que se trata de un gasto directo y necesario para o desenvolvemento da actividade. En ningún caso caberá combinar ambas posibilidades.

4.- Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais ou rexistrais e os gastos periciais non poderán ser considerados gastos indirectos, sendo subvencionables só no caso de que se traten de gastos directamente relacionados coa actividade subvencionada e sexan imprescindibles para a adecuada preparación ou execución da mesma.

5.- En ningún caso, o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

6.- Os gastos que se realicen apartándose do proxecto o fora do seu prazo de execución non serán subvencionables.

7.- En ningún caso, a entidade beneficiaria poderá contratar servizos ou abastecementos con persoas ou entidades vinculadas con ela, salvo que concorran as seguintes circunstancias:

- Que a contratación se realice de acordo coas condicións de mercado
- Que se obteña a previa autorización expresa do Concello da Coruña do seguinte modo:
 - A entidade beneficiaria deberá solicitar autorización con carácter previo ao desenvolvemento da actividade subvencionada
 - O Concello da Coruña deberá adoptar un acordo, con anterioridade á execución da actividade subvencionada, indicando o terceiro ou terceiros cos que se contratará e os servizos ou abastecementos que poden ser obxecto de contratación

8.- A posibilidade de subcontratación estará sometida ás limitacións establecidas no artigo 29 da Lei 39/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións. Poderase subcontratar incluso o 50% da actividade subvencionada. Con todo o réxime de subcontratación suxeitarase aos seguintes límites:

- No caso de subcontratacións con entidades que non sexan vinculadas e nos supostos previstos nos apartados a), b), c) y e) do artigo 29.7 da LXS, non se admitirá a subcontratación en ningún caso.
- No caso de subcontratacións con entidades que non sexan entidades vinculadas, para supostos distintos do apartado anterior e a subcontratación supere o 50% establecido nesta cláusula, admitirase como gasto subvencionable só ata o 50% do gasto que finalmente se considere subvencionable e sempre que non se incremente coa subcontratación o custo da actividade subvencionada excepto que este incremento supoña un valor engadido á actividade que deberá ser acreditado. No caso de que a subcontratación supere o 20% do importe da subvención e exceda de 60.000,00 euros é preciso que se autorice o custo previamente polo órgano concedente da subvención e que se formalice por escrito.
- No caso de subcontratacións con entidades vinculadas, deben observarse os requisitos previstos nos apartados precedentes e ser obxecto a subcontratación de autorización expresa polo órgano concedente da subvención e que o importe subvencionable non exceda do custo incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custo realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos da beneficiaria.

Non obstante o sinalado nos apartados anteriores, naqueles casos nos que o importe subcontratado supoña un porcentaxe significativo do conxunto do gasto, valorarase a posibilidade de non admitir o resto dos gastos por incumprimento do fin para o que se concedeu a subvención.

SÉTIMA.- Abono da subvención

Con carácter xeral, o recoñecemento da obrigaón a favor da entidade beneficiaria e o pago da aportación realizarase tras a presentación e aprobación da xustificación nos termos establecidos neste Convenio. Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia de algunha das causas previstas no art. 37 da LXS.

En caso de que a documentación xustificativa fora incorrecta o insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa emenda. Pasado dito prazo sen que se presentara a documentación requirida, archivarase a solicitude e entenderase desistida da súa petición.

Tamén se poderán realizar pagamentos anticipados da subvención, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Neste caso, deberá ser solicitado expresamente pola entidade beneficiaria e deberá constituírse unha garantía de ata un 30% do importe total da subvención, que se realizará mediante a retención do pagamento polo Concello, xa sexa sobre o primeiro pagamento anticipado ou sobre varios ata alcanzar esta contía. Unha vez efectuada a debida xustificación e non existindo responsabilidade por parte da entidade beneficiaria, procederase á devolución da cantidade retida en concepto de garantía.

Non poderá realizarse o pago da subvención á entidade beneficiaria en tanto non se estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Concello e a Axencia Tributaria e fronte á Seguridade Social ou sexa debedor por resolución de orixe de reintegro. Neste sentido sinalar que de conformidade co artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o Concello da Coruña solicitará as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a Axencia Tributaria de Galicia e o propio Concello da Coruña, para verificar o cumprimento deste apartado.

Con todo, a persoa solicitante ou o seu representante poderán opoñerse expresamente á consulta ou obtención da documentación sinalada, debendo neste caso, presentar a documentación acreditativa nos termos previstos regulamentariamente, achegando as certificacións acreditativas.

O importe da subvención está vinculado ao orzamento total da actividade e, en ningún caso, poderá ser superior ao déficit da mesma. A entidade beneficiaria deberá xustificar que realizou a actividade nos termos da memoria presentada ou, no seu caso, da reformulación realizada.

Cando o importe xustificado sexa inferior ao orzamento inicial ou, no seus caso, ao reformulado, só se aceptarán desviacións de financiación cando estas sexan inferiores ao 10% do importe consignado no orzamento inicial. No caso de superarse este importe, dará lugar en todo caso a unha redución proporcional da cantidade concedida, ata o límite do 50%. En caso de que se xustificara un gasto inferior ao 50% do orzamento subvencionado para xustificar, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se abonarán ningunha cantidade ou, no seu caso, solicitarase o reintegro total da subvención.

OITAVA.- Execución do convenio

A execución e xustificación do presente convenio corresponderá á Fundación Mujeres, quen procederá á utilización, con carácter exclusivo durante o tempo de duración da execución e xustificación do proxecto, dunha única conta bancaria onde se fará fronte aos deberes derivados das actuacións encomendadas no presente convenio (excepto os pagos das retencións do IRPF e as cotas da Seguridade Social do persoal asinado ao proxecto, que se poderán seguir facendo efectivos na conta habitual), e que quedará afectada ás mesmas. En dita conta ingresaranse a aportación do Concello da Coruña e calquera outra que derive da execución do presente convenio. A Fundación Mujeres xustificará ante o Concello da Coruña a existencia da conta, e será responsable de que os fondos percibidos sexan utilizados conforme aos principios dunha clara e correcta xestión financeira.

NOVENA.- Prazo de execución.

As actuacións levaranse a cabo no período de vixencia do presente convenio de colaboración, polo que o prazo para a execución das accións comprenderá dende o día 1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano en curso. En consecuencia, as facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil, deberán ser emitidas dentro do referido período.

DÉCIMA.- Xustificación

Unha vez finalizada a actividade e, en todo caso, antes de que transcorran dous meses dende a finalización da vixencia do convenio, a Fundación Mujeres deberá presentar na sede electrónica do Concello da Coruña <https://sede.coruna.gob.es> a seguinte documentación aos efectos de xustificación do convenio:

- Impreso de solicitude de xustificación segundo modelo establecido ao efecto, que incluíra unha declaración responsable e unha relación da documentación que se achega para a xustificación.
- Memoria que acredite que a actividade foi realizada e grado de cumprimento de obxectivos. A entidade beneficiaria deberá xustificar que realizou a actividade nos termos da memoria presentada, que incluíra as evidencias documentais e gráficas necesarias, tendo en conta os seguintes aspectos:
 - Descrición do proceso do itinerario e as súas fases, dende o acceso das persoas beneficiarias ata a finalización do itinerario.
 - Descrición das tarefas realizadas e distribución mensual do tempo dedicado polo persoal técnico implicado: coordinación, docentes, orientadores/as laborales, educadores/as, etc.
 - Documentación que acredite a participación de cada persoa beneficiaria nas distintas accións que contempla o proxecto (Ficha de entrevista de orientación, itinerario personalizado, fichas de seguimento, asesoramentos e/o titorías, etc), nas que se

mostren a súa duración, obxectivos, accións levadas a cabo, data do asesoramento e firma do persoal técnico responsable e da persoa beneficiaria.

- Se se desenvolven accións formativas, control de asistencia do alumnado a través da ficha de firmas do alumnado, que incluírá ademais a firma da persoa responsable da acción.
 - Ficha de entrega de material (manual formativo, bolígrafos, cartafol...), con data e firma do alumnado que o recibe e do persoal técnico responsable da entrega.
 - Valoración docente individualizada do alumnado
 - Cuestionarios de avaliación da satisfacción do alumnado (valoración da calidade) en cada acción formativa.
 - Nos casos que corresponda, a entidade entregará diploma acreditativo das accións formativas realizadas.
 - Actas asinadas das reunións de coordinación, planificación e/ou seguimento das accións que se celebren relacionadas co programa obxecto deste convenio, cando corresponda.
 - As prácticas formativas non laborais, se están contempladas no itinerario ou como acción do programa obxecto deste convenio, desenvolveranse en empresas dos sectores nos que se realizou a formación e en consonancia cos contidos da formación impartida
 - No caso en que o programa contemple prácticas formativas non laborais, a entidade presentará, antes de que transcorra o 25% da fase de formación, un listado de posibles empresas onde se realizarán as prácticas, que en todo caso deberá ser aprobada polo equipo técnico do Concello, tanto a listaxe como a metodoloxía de xestión das mesmas, en consonancia cos protocolos de xestión de prácticas do servizo municipal de emprego.
 - Cando o proxecto obxecto deste convenio contemple insercións laborais, deberán xustificar estas insercións, a través dos contratos de traballo ou da vida laboral.
- Balance de actividade (ingresos e gastos) realizados con motivo da actividade subvencionada, de xeito que se poida comprobar que se axustou ao orzamento inicial presentado.
 - Para comprobar a medida en que se axustou o balance ao orzamento inicial presentado, acompañarase coa xustificación o cadro de desviacións do balance con respecto ao orzamento inicial, e, no caso de que neste se observen desviacións, cubrirase o seu informe de xustificación.

Neste sentido o importe da subvención está vinculado ao orzamento total da actividade e en ningún caso poderá ser superior ao déficit da mesma. No caso de que existan desviacións á baixa entre o balance e o orzamento inicial presentado, producirase o reintegro da achega municipal unicamente polo importe que pase o custo total da actividade.

- Relación clasificada e detallada dos gastos da actividade con indicación do acredor, nº de documento, data de emisión, importe, concepto e data de pago.
- Facturas orixinais debidamente cumprimentadas ou fotocopias compulsadas dos gastos realizados no exercicio da actividade. As facturas haberán de presentarse polo conxunto da actividade subvencionada aínda cando o outorgamento da subvención municipal sexa inferior ao orzamento inicial. Xustificarase preferentemente con facturas aínda que se poderán admitir outros documentos de igual valor probatorio admitidos no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. Estas deberán incluír unha descrición dos bens ou servizos que se facturan de forma clara e precisa, que permita apreciar a vinculación coa actividade, ou na súa falta unha memoria de cada unha das facturas que detallen os bens e/ou servizos facturados.
- Cando o importe facturado sexa inferior a 400,00 euros, IVE incluído, en calquera tipo de operación, ou cando sexa inferior aos 3.000,00 euros, IVE incluído, nas operacións contempladas no artigo 4.2 do Real Decreto 1619/2012, admitirase a factura simplificada, si ben esta factura debe incluír o destinatario/a, que será en todo caso a entidade beneficiaria da subvención.
- Os xustificantes de pago orixinais (facturas) presentados marcaranse cun selo, indicando na mesma a subvención para cuxa xustificación foron presentadas e se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención. Neste último caso indicárase ademais a contía exacta que resulte afectada pola subvención.
- Acreditación do pago efectivo de cada un dos gastos. Só se considera gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación, debendo acreditarse o pago a través de copia do extracto bancario cando o pago se realiza a través de transferencia, copia do cheque bancario cando se realice a través de cheque, neste último caso debe achegarse igualmente extracto ou movemento bancario, e coa conformidade, suficientemente acreditada, do contratista ou provedor/a na correspondente factura en caso de pagos en efectivo, isto é mediante recibo no que conste que ao emisor/a lle foi satisfeito o importe ou ben no propio xustificante de gasto o emisor do mesmo acredite co seu NIF e sinatura que recibiu o importe e a data na que o recibiu.

Non se admitirán pagos en efectivo. Tamén se considerará efectivamente pagado o gasto, coa cesión de crédito do dereito de cobro da subvención a favor das persoas acreedoras por razón do gasto realizado ou coa entrega as mesmas dun efecto mercantil, garantido por unha entidade financeira ou compañía de seguros.

- Certificación da Secretaria co VºBº do Presidente acerca das subvencións e demais ingresos xerados con motivo da actividade subvencionada con independencia do seu reflexo no balance.
- No caso de que existan gastos de persoal: contrato de traballo –no seu caso–, nóminas, boletíns de cotización á Seguridade Social (documentos TC/1 e TC/2) ou

os que os substitúan regulamentariamente e documentos de ingreso en Facenda das retencións practicadas en concepto de I.R.P.F. No caso de que a subvención outorgada teña destino ao pago de persoas físicas que presten servizos retribuídos, pago de premios ou pago de axudas de custo, a entidade beneficiaria está obrigada á retención do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF), nos límites e excepcións que establece a Lei e Regulamento do imposto ou no seu caso, disposicións regulamentarias en vigor.

- Ademais do cumprimento dos aspectos formais da factura, no caso de actividades profesionais ou empresariais suxeitas a retención do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF), no que a obrigada a reter é a propia entidade beneficiaria, para admitir o gasto como debidamente xustificado, a entidade beneficiaria deberá presentar o modelo de xustificante de ingreso na AEAT, coa explicación e detalle correspondente no caso do que o citado xustificante ou modelo inclúa o bruto de varias retencións, isto é:
 - Modelo 111 e modelo 190 acreditativo do pago á Axencia Tributaria das retencións practicadas a profesionais suxeitos ao IRPF
 - Modelo 115 e modelo 180 acreditativo do pago á Axencia Tributaria das retencións practicadas ao arrendador/a se é persoa física suxeita ao IRPF
 - Os 3 orzamentos que, en aplicación do artigo 31.3 da Lei Xeral de Subvencións debe solicitar a entidade beneficiaria cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 40.000,00 euros no suposto de custo por execución de obra, ou de 15.000,00 euros no caso de abastecemento de bens de equipo ou prestación de servizos.
 - Certificado da Secretaria da entidade, co VºBº do Presidente, no que se desagregue por tipo de gasto, o importe total dos gastos xerais da Entidade, no caso de que se imputen gastos xerais ou indirectos a unha actividade concreta.

O Concello resérvase o dereito para comprobar, polos medios que estime oportunos, que a xustificación é correcta. Polo tanto, a entidade beneficiaria quedará obrigada a facilitar canta información lle sexa requirida polo servizo xestor, a Intervención Xeral e os órganos competentes en censura de contas.

Ambas partes, en cumprimento do disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e pola demais normativa vixente en materia de protección de datos persoais, acordan, a efectos da verificación da correcta xustificación das actuacións realizadas, autorizar o acceso e tratamento por parte do Concello da Coruña (*encargado do tratamento*) aos datos de carácter persoal, cuxo responsable no último termo é a Fundación Mujeres (*responsable do tratamento*).

UNDÉCIMA.- Información e Publicidade

O nome e anagrama do Concello da Coruña figurará, de forma visible, en todas as actividades que se realicen en execución do presente Convenio, así como nos medios que se empreguen para a súa difusión. A tal fin e respecto aos diplomas, cartelería, dípticos,

trípticos, flyers ou elementos publicitarios análogos deberán presentar un exemplar do modelo utilizado xunto á conta xustificativa co fin de comprobar que se inclúen os logos deste concello. Cumpriase có disposto polo manual de imaxe corporativa situado no seguinte enlace da web municipal:

<https://www.coruna.gal/web/gl/concello/administracion/imaxe-corporativa>

Asemade, en todas as actuacións en materia de información e publicidade que se acometan pola Fundación Mujeres, dirixidas tanto ao público en xeral coma ás persoas participantes no proxecto, deberán indicar claramente a participación do Concello no cofinanciamento das mesmas.

De conformidade co artigo 8.1.c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as subvencións e axudas públicas concedidas con indicación do seu importe, obxectivo o finalidade e a entidade/persoa beneficiaria serán obxecto de publicación no Portal de Transparencia do Concello da Coruña <http://www.coruna.gal/transparencia/es/claridad-en-la-gestion/subvenciones-y-ayudas>

Por este motivo, a entidade beneficiaria da subvención queda suxeita asemade a subministrar de forma periódica, actualizada, clara, veraz, obxectiva e accesible a información relevante para garantir a transparencia, facilitar o control cidadán da actuación pública e fomentar a participación, previo requirimento da administración municipal, para garantir a obriga de publicidade activa do Concello da Coruña cumprindo coas esixencias da Lei 19/2013.

DUODÉCIMA.- Comisión de seguimento

Constituirase unha comisión paritaria para o seguimento das accións derivadas deste convenio. Esta comisión poderá reunirse cando o solicite algunha das partes e en todo caso deberá reunirse polo menos unha vez antes do 15 de novembro para o seguimento e vixilancia da corrente execución do presente convenio.

DECIMO TERCEIRA.- Reintegro

O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devindiquen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 36 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e no artigo 91 e seguintes do R.D. 887/2006, do 21 de xullo, dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

Procederá, en particular, o reintegro das cantidades percibidas nos seguintes casos:

1. A obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que a impediron
2. Obtención doutras axudas para a mesma actividade
3. Incumprimento do deber de adoptar as medidas de publicidade da actividade subvencionada

4. Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da Lei Xeral de Subvencións
5. Calquera outra causa que expresamente constitúa infracción administrativa en materia de subvencións por acción ou omisión de acordo co establecido na Lei Xeral de Subvencións e normativa de desenvolvemento
6. En caso de xustificar fora do prazo previsto, e tralo requirimento efectuado de acordo co sinalado no artigo 70.3 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
7. En caso da concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera administracións ou entes públicos, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, cando o importe da financiación pública supere o coste da actividade, no importe do exceso producido.
8. Nos demais supostos previstos na Ordenanza Xeral de Subvencións do Área de Benestar.

DECIMO CUARTA.- Infraccións e sancións

Constituirán infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisión tipificadas na Lei Xeral de Subvencións e a súa normativa de desenvolvemento.

Poderanse impoñer as sancións tipificadas nos artigos 59 ao 63 da Lei Xeral de Subvencións, axustándose ao procedemento sancionador previsto en dita Lei, sendo o órgano sancionador competente o mesmo que ten atribuída a competencia para a súa resolución.

DECIMO QUINTA.- Causas de Resolución do Convenio

De conformidade có establecido no artigo 51 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, o convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución. Son causas de resolución:

- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen ter acordada a prórroga do mesmo
- O acordo unánime das partes
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte de algún dos asinantes
- A decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio
- Calquera outra causa distinta das anteriores prevista no Convenio ou noutras leis

Así mesmo, será causa de resolución do presente convenio a denuncia de incumprimento de calquera das cláusulas mediante preaviso comunicado de forma fidedigna no prazo dun mes dende que aquel fose detectado.

DECIMO SEXTA.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente



O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa e rexerase polo establecido nas cláusulas do mesmo ou, no seu defecto, polo establecido na normativa xeral.

As posibles cuestións litixiosas ou controversias a que poida dar lugar a aplicación, interpretación, modificación, efectos e resolución do presente convenio, serán resoltas, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso - Administrativa.

As partes que subscriben o presente documento colaborarán en todo momento de acordo cos principios de boa fe e eficacia, para asegurar a correcta execución do pactado e para fomentar e impulsar o desenvolvemento das actuacións relacionadas.

En proba de conformidade, asinamos este convenio, en A Coruña, na data da última sinatura dixital deste documento,

A Alcaldesa de A Coruña

A Directora da Fundación Mujeres

Inés Rey García

María Luisa Soleto Ávila